

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

16132 *LEI 22/1998, do 6 de xullo, reguladora da obxección de conciencia e da prestación social substitutoria.* («BOE» 161, do 7-7-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 30 da Constitución española establece a obriga de regular, coas debidas garantías, a obxección de conciencia. O exercicio do dereito de obxección de conciencia introduce unha exención do cumprimento do servizo militar obrigatorio baseada nunha convicción de tipo relixioso, ético, moral, humanitario, filosófico ou outros da mesma natureza. É, pois, a incompatibilidade entre as actividades militares e as conviccións do cidadán, e non a natureza das ditas conviccións, o que xustifica a exención do servizo militar, exención que, para evitar discriminacións entre os cidadáns por razón das súas crenzas e ideoloxías, implica a obriga de cumprimento dunha prestación social substitutoria.

A aplicación da Lei 48/1984, do 26 de decembro, reguladora da obxección de conciencia e da prestación social substitutoria, evidenciou algunhas insuficiencias e limitacións que, unidas a críticas procedentes de diversos sectores da mocidade, motivan a elaboración dun texto legal novo, co obxecto de garanti-lo exercicio do dereito constitucional de obxección de conciencia e mellorar, asemade, as condicións de cumprimento da prestación social substitutoria.

Con tal fin, a presente lei equipara a duración do período de actividade da prestación social substitutoria e o servizo militar, e establece, pola súa vez, en tres anos o tempo límite de espera entre o recoñecemento da condición de obxector e o inicio do período de actividade.

Doutro lado, amplíase a composición do Consello Nacional de Obxección de Conciencia, incluíndose un vocal por proposta das centrais sindicais máis representativas e un vocal representativo das entidades do voluntariado, posto que se inclúe entre as competencias do dito organismo a de validalos servizos voluntarios como prestación social substitutoria, en cumprimento do establecido na Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado.

Pola súa vez, redúcese a tres meses o tempo en que o Consello Nacional de Obxección de Conciencia debe

resolver as solicitudes de recoñecemento da condición de obxector.

Tamén é unha novidade nesta lei a posibilidade de afondar, mediante a celebración de convenios, na colaboración das comunidades autónomas na xestión e inspección da prestación social substitutoria.

Todo o anterior realízase no marco dun progreso da profesionalización das nosas Forzas Armadas que esixe unha actitude de prudencia e responsabilidade durante o período transitorio, polo que se fai necesaria unha regulación que, sen mingua dos dereitos constitucionais, resulte compatible co dito proceso.

Artigo 1.

1. O dereito da obxección de conciencia recoñecido no artigo 30 da Constitución exercerase conforme o disposto na presente lei.

2. Os españois suxeitos a obrigas militares que, por motivos de conciencia en razón dunha convicción de tipo relixioso, ético, moral, humanitario, filosófico ou outros da mesma natureza, sexan recoñecidos como obxectores de conciencia quedarán exentos do servizo militar e deberán realizar na súa vez unha prestación social substitutoria.

3. A solicitude de recoñecemento como obxector de conciencia poderase presentar ata a data sinalada polo Ministerio de Defensa para a súa incorporación ó servizo militar ou, unha vez rematado este, mentres se permaneza na situación de reserva.

4. O recoñecemento da condición de obxector de conciencia será competencia do Consello Nacional de Obxección de Conciencia de acordo co establecido na presente lei.

Artigo 2.

1. As solicitudes de recoñecemento da condición de obxector de conciencia, dirixidas ó Consello Nacional de Obxección de Conciencia, poderanse presentar ante este ou en calquera das oficinas sinaladas na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. A presentación da solicitude de recoñecemento da condición de obxector de conciencia, cando se produza con polo menos un día de anticipación á data de incorporación ó servizo militar, suspenderá a dita incorporación na forma que regulamentariamente se determine, ata que o Consello Nacional de Obxección de Conciencia, ou, se for o caso, os órganos xurisdiccionais pertinentes, dicten resolución en firme.

Artigo 3.

No escrito de solicitude de recoñecemento da condición de obxector faranse consta-los datos persoais e a situación militar do interesado, especificando o organismo de recrutamento a que estea adscrito ou o con-

cello ou oficina consular en que se deba efectuar a inscrición, así como os motivos de conciencia en conformidade co artigo 1.2 desta lei. Tamén se poderán manifestar as preferencias para a realización efectiva da prestación social substitutoria.

Artigo 4.

1. O Consello Nacional de Obxección de Conciencia decidirá sobre a procedencia ou improcedencia do recoñecemento da condición de obxector, atendidos os termos da solicitude, e sen que poida, en ningún caso, valoralos motivos alegados polo solicitante. A resolución que se dicte pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo.

2. O prazo para resolver as solicitudes de recoñecemento será de tres meses. Transcorrido este prazo sen se dictar resolución, a solicitude entenderase desestimada.

Artigo 5.

O Consello Nacional de Obxección de Conciencia comunicalle ó Ministerio de Defensa, na forma que se determine regulamentariamente, tanto as solicitudes como as resolucións relativas ó recoñecemento da condición de obxector.

Artigo 6.

1. Os obxectores de conciencia recoñecidos quedarán exentos do servizo militar e deberán realizar unha prestación social substitutoria consistente no desenvolvemento de actividades de utilidade pública que non requiran o emprego de armas nin teñan relación coa institución militar.

A prestación social substitutoria poderase validar total ou parcialmente en conformidade co disposto na Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado.

2. Os sectores nos que se poderá desenvolver a dita prestación serán os seguintes:

a) Servizos sociais e, en particular, os que afecten a acción comunitaria ou familiar, protección de menores ou adolescentes, terceira idade, persoas con discapacidades físicas, psíquicas e sensoriais, minorías étnicas, prevención da delincuencia, reinserción social de alcohólicos, toxicómanos e exreclusos e promoción de hábitos saudables de conducta.

b) Servizos sociais pola paz e, en particular, axuda a refuxiados e protección dos dereitos humanos.

c) Programas de cooperación internacional.

d) Conservación do ambiente, mellora do medio rural e protección da natureza.

e) Educación e cultura e, en particular, promoción cultural, alfabetización, bibliotecas e asociacións.

f) Educación no lecer.

g) Protección civil.

h) Servizos sanitarios.

i) Calquera outra actividade, servizo ou obra de carácter análogo que sexa de interese xeral.

3. As actividades realizadas en cumprimento da prestación social non deberán incidir de xeito negativo no mercado laboral.

Artigo 7.

A prestación realizarase en asociacións ou entidades non gobernamentais previamente concertadas, así como en entidades dependentes das administracións públicas que fosen autorizadas na forma prevista regulamentariamente.

As entidades non gobernamentais onde se realice a prestación social non poderán ter finalidades lucrativas, deberán servir ó interese xeral da sociedade e ós sectores máis necesitados. Os obxectores realizarán preferentemente a prestación social na comunidade autónoma onde residan e, sempre que for posible, no seu propio municipio e na entidade ou programa da súa elección.

Artigo 8.

1. O réxime da prestación social substitutoria abrangue as situacións de dispoñibilidade, actividade e reserva. A situación de dispoñibilidade abrangue desde que o solicitante obtén a consideración legal de obxector ata que inicia a situación de actividade.

A duración máxima da situación de dispoñibilidade será de tres anos.

Transcorrido este prazo sen o obxector iniciar a situación de actividade por causas non imputables a el, pasará directamente á situación de reserva.

Non se computarán para os efectos deste precepto os períodos gozados de adiamento de calquera clase solicitados polo obxector.

2. A duración da situación de actividade será a mesma que a fixada para o servizo militar en filas.

3. Finalizado o período de actividade da prestación social, pasarase á situación de reserva. Tamén pasarán a esta situación os obxectores que presentasen a súa solicitude durante a situación de reserva do servizo militar.

A situación de reserva empezará o día seguinte ó termo da situación de actividade e estenderase ata o 31 de decembro do terceiro ano posterior á finalización da prestación social substitutoria do servizo militar.

Na situación de reserva, o Goberno poderá acordar a reincorporación dos obxectores nos supostos previstos na normativa sobre o servizo militar e mobilización nacional, co fin de realizaren actividades de protección e defensa civil.

Artigo 9.

Os adiamentos e exencións da prestación social serán regulados no regulamento que desenvolva esta lei de forma que a dita prestación quede equiparada nesta materias co servizo militar. Tamén se poderá adiar a incorporación á prestación social por realizar servizos voluntarios na forma que se determine regulamentariamente.

Artigo 10.

A situación de actividade comeza cando, emitida a orde de incorporación para realizar a prestación social nun posto de actividade, se produce a incorporación efectiva do obxector de conciencia, e finalizará cando cumpra o tempo de duración establecido.

Na situación de actividade, o obxector realizará as actividades propias da prestación social substitutoria nun réxime análogo ó establecido para o servizo militar.

Os obxectores de conciencia en situación de actividade terán dereitos ós mesmos haberes que os soldados en filas e á prestación equivalente de sanidade e seguridade social. Tamén terán dereito a prestacións equivalentes de aloxamento, mantenza, vestiario e transporte só nos casos en que for necesario para o cumprimento da prestación social.

Terán dereito, en especial, á reserva do posto de traballo que ocupaban ata o momento da súa incorporación,

tanto se son funcionarios públicos como se lles é de aplicación a lexislación laboral.

Gozarán de cantas facilidades e dereitos se lles recoñezan para efectos educativos ós que presten o servizo militar e de tódolos dereitos que como civís lles correspondan.

Cando as necesidades do servizo o permitan, procurárase a compatibilidade da prestación social coa realización de estudos.

Artigo 11.

Cando a prestación social teña por obxecto unha actividade que requira coñecementos ou preparación especial, o obxector, se for necesario, deberá seguir un curso de capacitación, e a duración deste será computada dentro do tempo total de prestación do servizo.

Artigo 12.

1. A xestión e inspección do réxime da prestación social substitutoria correspóndelle ó Ministerio de Xustiza na forma en que se determine regulamentariamente..

2. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas poderán celebrar convenios co obxecto de estas poderen colaborar na xestión e inspección da prestación social.

Non poderán ser obxecto de convenio as competencias propias do Consello Nacional de Obxección de Conciencia nin as vinculadas coa clasificación militar ou a reserva. Tampouco poderán ser obxecto de convenio a xestión e inspección dos programas de prestación social dependentes da Administración do Estado e aqueles con ámbito territorial que exceda o da Comunidade Autónoma. En todo caso, corresponderalle ó Ministerio de Xustiza a coordinación interterritorial e a xestión de procedementos relativos a obxectores residentes no estranxeiro.

Os convenios deberán especificar de xeito claro e preciso as facultades que asume a comunidade autónoma, así como os instrumentos de colaboración que se determinen en materia económica, de coordinación, información mutua e asistencia recíproca.

3. Cando menos dúas veces por ano celebráranse reunións entre representantes do Ministerio de Xustiza e daquelas comunidades autónomas que subscribisen os convenios a que se refire este precepto, para os efectos de coordinación, información mutua e asistencia recíproca.

Artigo 13.

O Consello Nacional de Obxección de Conciencia, dependente do Ministerio de Xustiza, adoptará as súas decisións por maioría e estará formado por:

a) Un membro da carreira xudicial, con categoría de maxistrado, que exercerá as funcións de presidente e será designado polo Goberno, por proposta do ministro de Xustiza, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial.

b) Un vocal nomeado polo Ministerio de Xustiza.

c) Un vocal nomeado polo Ministerio de Defensa.

d) Un vocal elixido entre os obxectores de conciencia que superasen a situación de actividade, por proposta das asociacións de obxectores legalmente recoñecidas.

e) Un vocal por proposta das centrais sindicais máis representativas.

f) Un vocal nomeado polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais representativo das entidades de voluntariado.

g) Un vocal, que actuará como secretario do Consello, nomeado polo Ministerio de Xustiza.

O procedemento de designación dos vocais determinarase regulamentariamente.

Artigo 14.

Correspóndelle ó Consello Nacional de Obxección de Conciencia:

1. Resolve-las solicitudes de obxección de conciencia e expedi-la certificación legal de obxector.

2. Elevar ó Goberno, por medio do Ministerio de Xustiza, e ás Cortes Xerais por medio daquel, informes periódicos sobre a aplicación práctica do réxime de prestación social, e propo-la modificación, se for o caso, das normas aplicables.

3. Coñecer no ámbito da súa competencia as peticións ou reclamacións que presenten eventualmente os obxectores de conciencia.

4. Emite-los informes que lle soliciten o Ministerio de Xustiza ou as comunidades autónomas sobre as materias da súa competencia.

5. Validar total ou parcialmente o tempo prestado como voluntario, polo tempo de duración da prestación social substitutoria que corresponda proporcionalmente, sempre que se reúnan os requisitos esixidos legal e regulamentariamente.

6. As demais funcións que se lle asignen legal e regulamentariamente.

Artigo 15.

O Ministerio de Xustiza proverá o Consello Nacional de Obxección de Conciencia dos medios persoais e materiais precisos para o adecuado desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 16.

Os obxectores de conciencia, durante a situación de actividade, ficarán suxeitos ó deber de respecto e obediencia ós responsables da prestación social substitutoria e ós das entidades e organizacións onde esta se realice.

Artigo 17.

1. As infraccións serán sancionadas segundo o disposto na presente lei.

2. Son infraccións graves:

a) A falta manifesta de respecto e o maltrato, de palabra ou obra, ás persoas ás que se dirixa a prestación social e ós compañeiros.

b) A insubordinación manifesta, individual ou colectiva, ós que dirixan os servizos nos que presten a súa actividade os obxectores ou contra as autoridades, funcionarios ou órganos competentes.

c) A destrución voluntaria, a subtracción ou o alleamento de materiais, equipos ou vestiario que fose confiado ó obxector.

d) A embriaguez ou consumo de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas durante o servizo ou cando afecten negativamente o desenvolvemento da actividade.

e) O incumprimento do réxime de dedicación á prestación social.

f) A negligencia grave na conservación ou mantemento do material de equipamento e vestiario.

g) A inasistencia ou o abandono inxustificado, por tempo superior a setenta e dúas horas e inferior a vinte días consecutivos ou trinta non consecutivos, da actividade en que consista a prestación social.

h) O atraso na incorporación ó posto de actividade ordenado por máis de tres días e ata un mes de duración.

3. Son infraccións leves:

a) A inasistencia ou abandono inxustificado por tempo non superior a setenta e dúas horas da actividade en que consista a prestación social.

b) O atraso na incorporación ó posto de actividade ordenado por tempo non superior a tres días.

c) A negligencia leve na conservación ou mantemento do material de equipamento e vestiario.

Artigo 18.

1. Ás infraccións previstas no artigo 17 correspóndelle-las seguintes sancións:

a) Amoestación persoal feita polo responsable da prestación social.

b) Perda dun mes de remuneración.

c) Asignación a outro servizo.

d) Prolongación, por un período máximo de tres meses, da prestación social substitutoria.

2. A competencia para exercer-la postestade disciplinaria establecerase regulamentariamente, así como o procedemento sancionador, respectando, en todo caso, os dereitos do inculpado, en especial, os de audiencia e defensa. Para a graduación das sancións en graves ou leves teranse en conta os criterios de intencionalidade, perturbación do servizo e reincidencia, e en ningún caso se poderá aplicar ás infraccións leves a sanción prevista na alínea d) do número anterior.

Disposición adicional primeira.

O Goberno realizará, con cargo á sección orzamentaria correspondente, as modificacións de crédito necesarias para o desenvolvemento dos convenios a que se refire o artigo 12, co fin de dota-las comunidades autónomas dos medios adecuados ás funcións e servizos especificados nos correspondentes convenios.

Disposición adicional segunda.

As administracións públicas, do mesmo xeito en que o fan respecto das obrigas militares, deberán garanti-la información e publicidade do dereito á obxección de conciencia e das modalidades para o exercer e, para isto, deberán establecer sistemas permanentes de información.

Disposición adicional terceira.

En tempo de guerra establecerase un réxime xurídico específico da prestación social substitutoria conforme as circunstancias especiais que concorran nese momento.

Disposición adicional cuarta.

Esta lei estenderá os seus efectos en canto subsista o servizo militar obrigatorio.

Disposición transitoria primeira.

Ata a constitución do Consello Nacional de Obxección de Conciencia na forma establecida nesta lei, continuará prestando os seus cometidos o actual Consello Nacional de Obxección de Conciencia.

Disposición transitoria segunda.

O réxime xurídico da prestación social substitutoria previsto nesta lei será de aplicación ós obxectores de conciencia que, sendo recoñecidos como tales con anterioridade á súa entrada en vigor, tivesen pendente ou non tivesen finalizado o cumprimento da prestación social.

Disposición derogatoria única.

Queda derogada a lei 48/1984, do 26 de decembro, reguladora da obxección de conciencia e da prestación social substitutoria, así como cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ó disposto na presente lei.

Disposición derradeira única.

O Goberno, no prazo de tres meses contados desde a entrada en vigor da presente lei, elaborará cantas disposicións sexan precisas para o seu cumprimento e execución.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Dada en Madrid o 6 de xullo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

16302 *LEI ORGÁNICA 5/1998, do 7 de xullo, de reforma da Lei orgánica 3/1983, do 25 de febreiro, de Estatuto de autonomía da Comunidade de Madrid. («BOE» 162, do 8-7-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asemblea de Madrid, por consenso dos grupos parlamentarios nela existentes, considerou que as anteriores reformas do Estatuto de autonomía da Comunidade de Madrid, necesarias e convenientes cando se realizaron no seu momento, son insuficientes para a adecuada satisfacción, na actualidade, dos intereses dos cidadáns da Comunidade de Madrid, á que se debe orde-la a actividade da Comunidade.

Por iso, entendeuse que era indispensable acometer unha reforma en profundidade do Estatuto que, ademais de introducir melloras técnicas na súa redacción, satisfíxese dous obxectivos fundamentais.

En primeiro lugar, xulgouse necesaria unha reforma significativa do marco institucional da Comunidade de Madrid que afecta tanto ó Goberno autonómico e ós seus mecanismos de control como, fundamentalmente, á Asemblea. Respecto desta, tratábase de reforza-las súas funcións e de modificar algunhas das regras básicas da súa organización e funcionamento e do estatuto dos deputados, co fin de lle permitir a aquela desenvolver adecuadamente as funcións que lle corresponden tanto no exercicio da potestade lexislativa como no das fun-